

# Celga



# 3

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**C3-B-II-21**

**PARTE 1 (Texto escrito)**

A continuación, lea vostede este artigo sobre a experiencia dunha usuaria cunha plataforma informática que conecta persoas por videoconferencia para traballaren xuntas. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

**Traballar deixando que unha persoa descoñecida  
te mire a través da cámara do teu ordenador**

Que é mellor, traballar na casa ou na oficina? De entrada, o máis importante é estarmos contentos co traballo que temos, con independencia do lugar en que o desempeñemos. Pero, dito isto, é probable que pensemos que a mellor opción é a contraria á nosa. Existen persoas que necesitan ir ao traballo porque, para elas, formar parte dun equipo é unha fonte de motivación. Outras son capaces de estableceren de xeito autónomo uns horarios estritos e fixos para cumpriren as tarefas, polo que prefiren traballar soas, na soidade da súa casa.

Voulles contar o meu caso. Chámome Helena, son xornalista e mentres escribo isto no cuarto do meu fogar, nun recuncho da pantalla do ordenador vexo a Uxía, unha rapaza de Vigo que mañá ten un exame de matemáticas. Acabamos de empezar unha sesión en *Focusmate*, unha plataforma que promete axudar os seus usuarios e usuarias a melloraren a súa produtividade.

E aínda que o seu nome xa nos dá unha pista (componse das palabras inglesas *focus* 'centrarse' e *mate* 'compañeiro'), cal é a grande achega desta ferramenta de comunicación? Pois, fundamentalmente, que che proporciona un compañeiro ou compañeira de traballo virtual que ves (e el ou ela a ti) mentres realizas unha tarefa. Deixar que un descoñecido te mire mentres traballas pode soar estraño e inquietante, pero o certo é que a experiencia resulta moito máis natural do que pensamos nun primeiro momento.

O seu uso é moi sinxelo. Tras abrir unha conta e cubrir o teu perfil, podes reservar xa as sesións que queiras. Axiña serás emparellado con outra persoa usuaria. Cando chega a hora indicada, abres a sesión e, nunha nova pestana, iníciase unha videochamada durante os 50 minutos seguintes. Presentádesvos, dicides rápido en que ides traballar, e mans á obra. Tras esgotarse o tempo, contádesvos como vos foi e pechades.

Funciona? Curiosamente, funciona. Diría que hai varios factores que axudan a que sexa eficaz. Por unha banda, o máis relevante é ter esa persoa aí, coa que conecta-

ches brevemente e á que, por ser unha persoa descoñecida, non queres decepcionar. Pola outra, ao seren sesións cun tempo limitado, axuda a centrarse en algo concreto.

Detrás de *Focusmate* está Taylor Jacobson. Este traballador por conta propia tiña un problema grave de procrastinación. Pero que significa esta palabra tan rara? Adóitase definir a procrastinación como o hábito de adiar ou atrasar inxustificadamente actividades ou tarefas que se deben facer e substituílas por outras irrelevantes que resultan máis agradables. Mesmo existen profesionais da psicoloxía que consideran a procrastinación un trastorno do comportamento, pois os individuos que a padecen son persoas que carecen da forza de vontade para afrontar e concluír unha tarefa, o que acaba producíndolles ansiedade, estrés e frustración.

Resulta que Taylor Jacobson o intentara todo, pero nada lle funcionaba. E un día, el e un amigo que tamén traballaba só na casa decidiron poñerse diante do ordenador coa cámara activada en sesións dun tempo limitado despois de dicírense o que ían facer. A produtividade disparouse. Como non sempre podían quedar para facer isto, decidiron crear un grupo de Facebook con outras persoas coas que poder traballar de forma virtual. O paso seguinte foi crear *Focusmate*.

No meu caso, uso *Focusmate* para escribir artigos ou investigar, pero o certo é que se pode facer un pouco o que se queira. Atopei moitos universitarios e universitarias que realizaban a tese de doutoramento ou escribían libros, pero tamén xente que facía a limpeza ou cociñaba. Existe un grupo de usuarios que emprega as sesións para ler por pracer. Preguntarédvos se é necesario, pero cando pasastes 50 minutos lendo sen interrupcións por última vez?

Quedan 14 minutos na miña sesión con Mariam e creo que xa rematei. Usarei o que queda para editar isto. Son case as 9 da noite e non contaba con escribir nada hoxe, e mirade, estou a piques de poñerlle o punto final a este artigo.

Texto adaptado de: <http://www.disquecool.com>



PARTE 2

<p><b>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b></p>	<p><b>1-2 minutos aprox.</b></p>
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede)</li> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
<p><b>2. RESUMO</b></p>	<p><b>3 minutos aprox.</b></p>
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Cal é o tema central que se trata no texto?</li> <li>■ En que consiste e como se usa <i>Focusmate</i>?</li> <li>■ Como naceu e para que persoas se concibiu esta plataforma informática?</li> <li>■ Cal é a experiencia da autora como usuaria de <i>Focusmate</i>?</li> </ul>	
<p><b>3. EXPOSICIÓN</b></p>	<p><b>3-4 minutos aprox.</b></p>
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha <b>exposición de 2-3 minutos</b>, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle <b>1 minuto para pensar</b> ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** Existen persoas que necesitan formar parte dun equipo e outras prefiren traballar soas.
- B.** A procrastinación ou o feito de aprazalo todo para mañá padécena persoas que carecen de forza de vontade para afrontar e rematar unha tarefa.
- C.** As tecnoloxías da información e da comunicación ofrécennos vantaxes pero poden supoñer unha ameaza para a nosa privacidade.
- D.** O máis importante é estar contentos no traballo con independencia do lugar en que o levemos a cabo.

#### **4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

#### **OPCIÓN A**

**Existen persoas que necesitan formar parte dun equipo e outras prefiren traballar soas**

- Cal dos dous sistemas é o ideal para traballar máis e con mellores resultados? Cales son os beneficios de cada un? E as desvantaxes?
- Considera que existen labores e tarefas que é mellor realizar en solitario? Por que? E en equipo?
- Cre que o teletraballo se pode aplicar a todas as profesións? A cales e por que?
- Pensa que o teletraballo pode axudar a conciliar a vida laboral e familiar? Por que?
- Non lle parece que o teletraballo favorece o illamento das persoas?
- Como pensa que inflúen as relacións persoais no rendemento laboral? E o traballo nas relacións persoais?
- Considera conveniente facer amizades no ámbito laboral? Por que?  
(Se procede)
- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe en relación cos hábitos laborais?

**OPCIÓN B**

**A procrastinación ou o feito de aprazalo todo para mañá padécena persoas que carecen de forza de vontade para afrontar e rematar unha tarefa**

- Oíra falar algunha vez de procrastinación? Considera que implica necesariamente ser un mal traballador?
- Na súa opinión, que é o que fai que unha persoa sexa boa traballadora?
- Coñece algunha persoa que teña o hábito de atrasar inxustificadamente as súas actividades ou tarefas? Como se comporta?
- Pensa que a forza de vontade é moi importante á hora de levar adiante unha actividade como o traballo ou o estudo? Por que?
- Considérase a si mesma unha persoa con forza de vontade? Por que?
- Que lles recomendaría ás persoas que teñen o costume de deixaren todo para mañá?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto da importancia que se lle dá á produtividade no traballo?

**OPCIÓN C**

**As tecnoloxías da información e da comunicación ofrécennos vantaxes pero poden supoñer unha ameaza para a nosa privacidade**

- Coñecía a existencia de *Focusmate* antes de ler este texto? Que lle parece?
- Considera que esta ferramenta é útil? Por que?
- Estaría disposto/a a utilizar esta aplicación? Por que?
- Que opina sobre a presenza das tecnoloxía da comunicación en todos os ámbitos sociais e mesmo nos privados?
- Que transformacións sociais e tecnolóxicas ocorridas nas últimas décadas afectaron á forma en como realizamos o traballo? Foron estas positivas?
- Considera que existe excesiva intromisión na nosa vida privada por causa da tecnoloxía? Por que?
- Cre que hai diferenza entre a xente nova e a de máis idade respecto do uso destas plataformas?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante ao uso da tecnoloxía?

**OPCIÓN D**

**O máis importante é estar a gusto no noso traballo independentemente do lugar en que o levemos a cabo**

- Cal sería para vostede o traballo ideal? Por que?
- Preferiría un traballo de oficina ou outro menos sedentario? Por que?
- Gustaríalle traballar por conta propia ou por conta allea? Por que?
- Que aspecto do traballo lle parece máis importante: o compañeirismo, o soldo ou a satisfacción persoal? Por que?
- Por que lle parece que hai persoas que están moi pouco motivadas no seu traballo? Que lle aconsellaría a unha persoa que non se sente motivada?
- Pensa que a competencia entre compañeiros/as favorece a produtividade? Ou é mellor fomentar o bo ambiente e o traballo en equipo para conseguir maior rendibilidade? Por que?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe en relación cos hábitos laborais?